



Ana Lois: "A MFC utiliza o CCG como empresa propia"

Tremor interno logo de que a Xustiza lle dese a razón a Aitor Sebio, despedido por cuestións ideolóxicas. **Páxina 7**



Auxo Lorenzo impulsa o uso do galego na Xustiza

Editado un 'Manual Básico de Documentación Administrativa e Xurídica', que poderá consultarse en internet. **Páxina 32**

LER NA ESCOLA

Fina Casakleriey: "Fiz o coleccionista de medios"

A escritora faínos unha invitación para que nos riamos de nós mesmos, coas ilustracións elegantes e cálidas de Teresa Lima. **Páxina 13**

MÉRCORES 21 DE OUTO DE 2010 ANO 23 EN FUNDACIÓN DO DIRECTOR CASTELLO AZEVEDO

www.galiciahoxe.com

Galicia Hoxe

MÉRCORES

21

ÚNICO DIARIO EN GALEGO

REELIXIDO VILLARES Á FRONTE DO CONSELLO DA CULTURA

NOVA ETAPA Consolidar o CCG como gran promotor de debates e de ideas, obxectivo do seu presidente **Páxina 33**

Alertan de que multinacionais transxénicas controlan o rural galego grazas ás súas patentes

DÍA DA TERRA. A vinte e catro horas de que o mundo conmemore o Día da Terra, o rural galego avisa: "Estamos en perigo de extinción" pola total dependencia dos produtores das multinacionais transxénicas. **Páxina 9**

DISQUE DISQUE

Aeroporto 2010

Disque medra a polémica arredor de quen e por que decidiu pechar o espazo aéreo europeo polo risco que supoñen as cinzas do volcán de Islandia, ese país onde parecía que non pasaba nada e non fan máis que pasar cousas. Os argumentos que se manexan son tan contundentes como que o do perigo o din os científicos, que xa se sabe como son. Que non houbo una autoridade europea que dera a orde, e que os gobernos son uns histéricos. E, sobre todo, que se perden moitos cartos. Á fronte da manifestación marchan as compañías aéreas, que, coma sempre, non teñen outro interese que a nosa satisfacción, como acreditan cada día e como todos temos desfrutado. antonlosada.blogspot.com



ANTÓN LOSADA




ESCRITOR UNIVERSAL

HOMENAXE DA AELG A JUAN GELMAN. Na entrega do premio Escritor Galego Universal, concedido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega a Juan Gelman, o conselleiro Roberto Varela destacou que a cultura de Galicia ten que ser coíno a obra do escritor argentino, "viva, aberta e en constante evolución". **Páxina 36**

Primera revista de Maquinaria Agrícola de Galicia

Anúnciate **GRATIS** en nuestra revista • Sección tablón de anuncios



Anúnciate con nosotros www.tractorgalicia.com

Más información: 609 375 069 | info@tractorgalicia.com

Vístenos en EXPO ORDES en la sección de Maquinaria Agrícola

GALARDÓN Juan Gelman recibe "orgullosa" o premio da AELG

"Familia galega do mundo"

O poeta agradece a "influencia dos emigrantes" do país, que "enriqueceron a cultura argentina"

Redacción/E.P. · Santiago

O escritor arxentino Juan Gelman recolleu onte "orgullosa" en Compostela o galardón que o acredita como Escritor Galego Universal, de mans da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), cun discurso no que analizou a "pervivencia" da poesía e recordou a emigración galega ó seu país natal.

Durante a súa intervención, o poeta arxentino asegurou sentirse "orgullosa" da denominación de Escritor Galego Universal e de "sumarse" con el á "familia galega do mundo". En particular, Gelman quixo "agradecer" a influencia dos "emi-

grados galegos que desde o século XIX comezaron a chegar a Arxentina", onde "brillaron con luz propia" artistas como Castelao ou Luis Seoane. "Eles contribuíron a enriquecer a cultura argentina", indicou Gelman. Ademais, no seu discurso tivo unha especial referencia para o xénero que cultiva, a poesía, e a súa "pervivencia" a través das crises e das catástrofes mundiais.

O presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, quixo resaltar, pola súa banda, a "gran" figura de Juan Gelman, a "altísima calidade" da súa poesía e o seu "compromiso co ser humano". A súa obra, que cualificou de "necesaria", "estremece" o lector dando voz "ós feridos pola inxustiza", sentenciou.

Pola súa banda, o conselleiro de Cultura, Roberto Varela, enxalzou a figura de Gelman por "todo canto ten escrito e loitado en favor da liberdade persoal e política" e erixiu-no como "paradigma ético e estético". Segundo o conselleiro, a elección do poeta arxentino como Escritor Galego Universal débese ó seu compromiso con "valores universais" compartidos pola sociedade, que demostran que "escribindo en castelán e vivindo tan lonxe de Galicia, pode chegarse a ser un escritor galego universal".



Juan Gelman, pola esquerda, Roberto Varela e Cesáreo Sánchez, onte na entrega dos premios

AS FRASES

"É o momento de perder o medo"

O conselleiro de Cultura, Roberto Varela situou a proposta que debe acadar Galicia neste momento en "saír para fóra, conversar con outros, fabricar e vender cultura e perderlle medo a convivir con outras manifestacións", en relación ao premio recibido polo arxentino Juan Gelman.

A raíz da entrega do premio, Roberto Varela afirmou que "en Galicia a cultura está, como a vexetación, en todas as partes, en todos os camiños e todos os muros e fachadas". Unha cultura que o conselleiro de Cultu-

ra e Turismo definiu como "de todas as épocas, todos os estilos e todas as influencias". Roberto Varela enxalzou a obra de Gelman por "todo canto ten escrito e loitado en favor da liberdade persoal e política, sen que o frease o enorme sacrificio e a enorme dor que a vida lle deparou". Varela salientou que o arxentino aborda na súa literatura temas como "a infancia, o amor, a muller, a morte, o outono ou a revolución", "obsesións que levan cantando os poetas galegos e de todas as partes do mundo desde hai séculos". ●